




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



O Acordo de Xunta de Goberno polo que se aproban as normas de xestión académica establece de forma restrictiva a posibilidade de modificación e ampliación de matrícula por razóns tanto de xestión académica como de organización da docencia.

É un obxectivo da universidade que os alumnos o inicio do curso coñezan tódalas posibilidades de matrícula tanto respecto das materias que son obrigatorias como as de libre elección, non obstante na implantación de procesos nos que se require o concurso con outras entidades, como son empresas ou institucións públicas que permitan a realización de prácticas en empresas os procesos de oferta ós alumnos pode que se realicen con posterioridade o inicio do curso. Dado que estes procedementos están suxeitos a procesos selectivos co que implica o descoñecemento do alumno sobre a posibilidade de realizar unha práctica en empresa, condiciona a configuración da matrícula que pode realizar o alumno.

Por outra banda é do máximo interese para a universidade posibilitar a práctica en empresa dos alumnos.

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU :

**ÚNICO.** Os alumnos que foran seleccionados para a realización de prácticas en empresas poderán anular materias que comprendan o número de créditos que se recoñecerán nas prácticas, sempre e cando no concorreran a ningunha convocatoria de exame no curso no que foran seleccionados.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 1998

**O RECTOR**

Darío Villanueva Prieto

SR SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS -SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SRS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA